

### **METODOLOXÍA DO PROXECTO CREAR**

Despois dun primeiro contacto, o persoal técnico do programa realiza entrevistas persoalizadas, onde as/os usuarias/os foron perfilando o seu *Plan Persoal de Inserción*. Trátase dun itinerario adaptado ás súas expectativas, capacidades, potencialidades, aptitudes, experiencia, formación e preferencias. As persoas participantes colaboran activamente no deseño do seu propio *Itinerario Persoalizado de Inserción*. Coa axuda do/a titor/a, as/os usuarias/os deseñan a súa traxectoria profesional e escollen a formación que mellor se adapta ás súas expectativas. Unha vez concretado o *Plan Persoal de Inserción*, no que se definen os perfís profesionais das/os participantes, nunha segunda etapa desenvólvense obradoiros formativos á carta, orientados a mellorar as habilidades e posibilidades de inserción.

A terceira etapa é a de achegamento á empresa, con prácticas ocupacionais para as/os usuarias/os que carecen de experiencia, sensibilización do tecido empresarial e colaboración con axentes sociais. Tendo en conta os recursos destinados a emprego e a análise do mercado de traballo búscanse ofertas axeitadas aos perfís dos demandantes. A cuarta e última fase do Proxecto Crear é a de seguimento das persoas que non conseguiron inserirse laboralmente e das que están traballando pero buscan mellorar as súas expectativas de emprego.

Para axudarlles neste obxectivo, o **Proxecto Crear** ofrécelle as/aos usuarias/os un boletín de ofertas de emprego, que se seleccionan de diversas fontes adecuándose aos perfís profesionais dos participantes. Aproximadamente un 90% están testadas, é dicir, telefonéase ao empresariado para informarse de que tipo de perfil require para o pósto. Estas ofertas fanse chegar ás/aos usuarios todos os días sobre as 12.00 horas.

Nas oficinas do **Proxecto Crear**, ubicadas na rúa Hórreo, número 100, tamén se atende a un gran número de persoas que buscan información sobre emprego. No que levamos de ano, o Servizo de Atención ao Público do **Proxecto Crear** atendeu 4.268 consultas, 488 delas no mes de maio. 2.628 consultas foron de visitas recibidas nas oficinas (341 no mes de maio), e as outras 1.640 chamadas telefónicas (147 no mes de maio) solicitando información.